

XELA

ARIAS

E

AS

PALABRAS

Traballar en Edicións Xerais. En 1980 comezou a publicar en periódicos e revistas. Desde 1982 comezou a publicar en Filoxa e especialidade de Galego-Portugues. En 1996. e iniciou en Filoxa e especialidade de Galego-Portugues.

En 1992 casou co fotógrafo Xulio Gil.

En 1994 tivo o seu único libro, Dario, ao que lle dedicou o libro Dario a Dario.

2003 aos 41 anos. Morreu en Vigo en novembro de 2003.

ademais dunha reconhecida activista, profesora, e poeta. tradutora, editora e escritora. Foi escritora e poeta.

Castaña no Xela Arias castaña no Xela Arias

Filla de Amparo Castaño e Valentin Arias. Cando tiña 7 anos mudáronse a Vigo. Era a maior de 5 irmáns. puxéronlle o nome de María de los Angeles e ela mudouno por Xela.

XELA ARIAS



XELA ARIAS E AS PALABRAS

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro, Redondela (Pontevedra)

Depósito legal:

C 617-2021

Coordinadora:

Susana Crespo Pérez

Profesorado autor da proposta:

Ángela Cabrera González

Vanesa Castro Sotelo

Noelia Chaves Santamaría

Susana Crespo Pérez

Ángela María Domínguez Martínez

María José Fernández Rodeiro

Dolores Garrido Borrajeros

María José González Domínguez

Iria María Güenaga Gómez

Antonio Hermida Leonardo

Daniel Justo Ramos

Celia Ledo Rodríguez

José Tristán López Fernández

Adrián Martínez Iglesias

Montserrat Rodríguez García

Cecilia Rodríguez Lago

Isabel Saa Nacimiento

Dolores Sánchez Santorio

Silvia Taboada Francisco

Guía realizada coa participación activa de todo o alumnado de educación infantil e primaria e coa colaboración da comunidade educativa do centro.

Introdución	4
Biografía	5
Biografía adaptada	8
Actividades de educación infantil	9
Actividades de 1º e 2º de educación primaria	14
Actividades de 3º e 4º de educación primaria	19
Actividades de 5º e 6º de educación primaria	24
Referencias bibliográficas	31
Bibliografía	31
Webgrafía	31
Imaxes	33

INTRODUCCIÓN

A vida e obra de Xela Arias fainos reflexionar sobre moitos aspectos da nosa sociedade, xa que foi unha muller defensora das súas ideas, que amosa unha personalidade comprometida publicamente coa vida social e cultural da época en que viviu e que nos axuda a transmitirle ao noso alumnado a necesidade de se rebelar contra as inxustizas sociais, de loitar pola liberdade e a paz e defender os dereitos das persoas e da sociedade na que vive.

Esta é a quinta muller á que lle dedican o Día das Letras Galegas, unha homenaxe necesaria e ben merecida pola importancia da súa obra poética e polo seu labor en prol da lingua galega.

Nesta exposición pretendemos dar a coñecer esta autora tan polifacética, que ao longo da vida foi poeta, tradutora de diversos escritores e escritoras e de diferentes linguas, transformadora da palabra nas súas obras, transgresora na súa época, precursora e modelo para xeracións posteriores, activista comprometida con Galicia. Así mesmo, tamén queremos amosar a súa vertente persoal como galega, muller, nai e, nos seus últimos anos, docente.

A nosa exposición titúlase *Xela Arias e as palabras* e cada cartel baséase nas facetas máis relevantes da autora homenaxeada, que o noso alumnado de todos os niveis, co apoio do profesorado, plasmou de xeito visual e plástico seguindo as ideas que transmite Xela na súa obra poética: sen seguir normas, buscando a desorde, transformando as palabras e con independencia artística.

Por iso, nalgúns carteis pódense atopar algúns versos ou poemas que non seguen de xeito literal os textos orixinais de Xela senón que son froito dunha transformación consciente e meditada que procura interiorizar o estilo tan característico da autora.

Tamén consideramos imprescindible que o noso traballo sexa accesible a toda a comunidade educativa e por iso engadimos unha biografía con pictogramas, para o alumnado que presenta trastornos de comunicación, así como tamén palabras con alfabeto dactilolóxico, outra linguaxe alternativa.

BIOGRAFÍA

Xela Arias Castaño nace en Sarria (Lugo) en 1962. Inscríbena como María de los Ángeles, un nome que, tempo despois, mudará polo de María dos Anxos e finalmente por Xela. Os seus pais son Amparo Castaño e Valentín Arias e é a máis vella de cinco irmáns. Os seus primeiros anos de vida transcorren



na contorna da Granxa de Barreiros, en Sarria, onde seu pai era mestre. Empeza a ir á escola no Colexio Fingoi de Lugo, ata que, aos 7 anos, se muda toda a familia para Vigo. Xa na Cidade Olívica, continuou o seu ensino primario na Escola Nacional Graduada de Sárdoma en Moledo.



Desde a infancia, Xela destaca pola súa creatividade. Con 11 anos, gaña o Primeiro Premio no VI Concurso de Contos Infantís O Facho co relato titulado "A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia".

Cando remata a primaria decide ir ao Instituto Castelao, un dos poucos colexios mixtos naquel momento; porén, antes de se presentar aos exames de COU, deixa os estudos e decide independizarse. Comeza a traballar en Edicións Xerais de Galicia, creada había pouco; inicialmente, de oficinista, pero co paso dos anos chegará a ser correctora de estilo e editora.

Xela compaxina o seu traballo na editorial coa publicación dos seus primeiros poemas e textos en revistas e xornais como *Dorna*, *Carel*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Katarsis*, *Tintimán*, *Faro de Vigo*, *A Nosa Terra*, e coa participación en recitais poéticos onde reflicte, desde o seu singular punto de vista, a transformación da sociedade nos anos oitenta.

En 1986 sae á luz *Denuncia do equilibrio*, o seu primeiro libro de poemas, que nola amosa como unha poeta pioneira polo seu estilo transgresor e tamén



pola incursión nun mundo onde a maioría das publicacións viñan do xénero masculino. Con esta obra é finalista do Premio Losada Diéguez. No mesmo ano ingresa na Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega.

Outro dos labores que desenvolve é o de **tradutora**, un

traballo que desempeña con moito rigor e respecto cara á lingua galega e que a achega á figura de tradutora profesional. Traduce preto dunha vintena de títulos de diferentes idiomas (castelán, inglés, portugués, italiano, neerlandés e francés), de autores e autoras como James Joyce, Gianni Rodari, Angela Carter, Bram Stoker, Jorge Amado, Fenimore Cooper, Camilo Castelo Branco, Carlos Oroza ou Baudelaire; tamén participa na Asociación de Tradutores Galegos e forma parte do consello de redacción da revista *Viceversa*.

Por este labor é galardoada coa Medalla do Premio de Tradução Sociedade de Lingua Portuguesa por *Amor de perdición*, de Camilo Castelo Branco (1986, Xerais); co Premio de Tradución Ramón Cabanillas (compartido con Darío Xohán Cabana) por *O derradeiro dos mohicanos*, de James Fenimore Cooper (1993, Xerais); e, postumamente, co Premio Plácido Castro 2004 por *O Spleen de París*, de Charles Baudelaire (2003, Bivir).

En 1990 publica (en colaboración con Xulio Gil, a súa parella, con quen casará en 1992) *Tigres coma cabalos*, unha obra orixinal e innovadora pola mestura de poemas e fotografías de corpos espidos, incluídos varios da mesma Xela.

En 1991 regresa ás aulas: empeza os estudos de Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo e, despois de se licenciar pola Universidade de Santiago de Compostela, inicia tamén a especialidade de Galego-Portugués.



En 1994 nace o seu fillo Darío e dous anos despois publica *Darío a diario*, un libro no que ofrece unha reflexión sobre a súa experiencia como **nai**.

A súa actividade é intensa: traduce, publica poemas en antoloxías e en libros colectivos, participa en ciclos e homenaxes, intervén en congresos e xornadas, presenta libros, recita e colabora en accións colectivas. A súa vida, en especial os últimos anos, está marcada pola súa implicación nun **activismo** cívico desde unha dimensión pública e comprometida.



A **docencia** será a derradeira ocupación laboral de Xela Arias. Profesora da materia de Lingua e Literatura Castelá, imparte clases en diferentes institutos da xeografía galega: os IES Terra de Xallas de Santa Comba, A Paralaia de Moaña, Valle-Inclán de Pontevedra, Xelmírez II de Santiago de Compostela, Valadares II de Vigo, IES de


Chapela, en Redondela, A Sangriña da Guarda, Álvaro Cunqueiro de Vigo e Monte Carrasco de Cangas.

O Concello de Redondela, en recoñecemento polo seu labor **docente** no IES de Chapela, púxolle o nome de Xela Arias á biblioteca que ten nesta parroquia e o alumnado do instituto decorou unha das paredes da fachada do seu centro cun *grafitti* que reflicte un verso da súa última obra.

O seu derradeiro poemario, *Intempériome*, foi editado en 2003, o mesmo ano que falece de forma prematura, tras sufrir un infarto.



BIOGRAFÍA ADAPTADA




ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL

1 RECORTA E PEGA AS PEZAS PARA FORMAR O RETRATO DE XELA ARIAS.




2 ORDENA AS LETRAS PARA FORMAR O NOME DA POETA.



3 XELA TRADUCIU AO GALEGO MOITOS LIBROS E CONTOS DOUTROS ESCRITORES E ESCRITORAS. UN DELES FOI *O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ: UNHA HISTORIA DE AMOR*, DE JORGE AMADO.

CALES SON OS ANIMAS PROTAGONISTAS DESTA HISTORIA DE AMOR? DEBÚXAOS.



4 XELA TRADUCIU AO GALEGO LIBROS DOUTRAS LINGUAS, COMO VES NO CARTEL 2. NEL TAMÉN HAI LETREIROS CON FRASES QUE NOS DIN COMO ERA ELA EN VARIOS IDIOMAS. PINTA ESTES TRES DA COR CORRESPONDENTE.

ALMA LIBRE

ESPIRITO LIVRE

FREE SOUL

5 XELA É UNHA TRANSFORMADORA DE PALABRAS PORQUE AS MODIFICA NAS SÚAS POESÍAS (CÓRTAAS, DESORDÉNAAS, CÁMBIAAS DE SITIO...). NO CARTEL 3, NÓS TAMÉN TRANSFORMAMOS AS PALABRAS CUN ESPELLO.

RECORTA UN ANACO DE PAPEL DE ALUMINIO E PÉGAO NUNHA CARTOLINA PARA FACER UN ESPELLO. DEBUXA LETRAS OU PALABRAS SOBRE O PAPEL, PONO DIANTE DO ESPELLO E OBSERVA O QUE VES REFLECTIDO NEL.

6 ESTAS LETRAS ESTÁN TRANSFORMADAS; FÁLTALLES UNHA PARTE. DEBÚXAA PARA ACABAR DE COMPLETALAS.



7 NO CARTEL 4 APARECEN PALABRAS QUE AXUDAN A ENTENDER POR QUE XELA ARIAS FOI UNHA PRECURSORA PARA AS XERACIÓNS POÉTICAS POSTERIORES. BÚSCAAS NO CARTEL E COMPLETA ESTAS PALABRAS.

P _____

_____ U _____


_____ R _____

_____ A _____

8 RODEA E COLOREA NA PALABRA PRECURSORA AS VOGAIS QUE APARECEN.

PRECURSORA

9 XELA NACEU EN GALICIA E, POLO TANTO, É GALEGA DE NACEMENTO E TAMÉN DE SENTIMENTO. COLOREA AS LETRAS QUE PRECISAS PARA FORMAR A PALABRA GALEGA.



10 PARA COÑECER UN POUCO MÁIS A ESCRITORA GALEGA HOMENAXEADA NAS LETRAS GALEGAS 2021, OBSERVA AS FOTOS QUE ESTÁN NO SEGUINTE XOGO. ENTRA NA LIGAZÓN E FAI A ACTIVIDADE INTERACTIVA.

<https://learningapps.org/display?v=pm8xy5uqt21>




11 O *PRESTIGE* É O NOME DUN BARCO QUE AFUNDIU PRETO DE GALICIA E QUE MANCHOU AS NOSAS COSTAS DE CHAPAPOTE, COMO PODES OBSERVAR NO CARTEL 6.

COLOREA ESTE DEBUXO; PINTA DE NEGRO TODO O QUE CRES QUE MANCHOU E CONTAMINOU O CHAPAPOTE QUE SE VERTEU.




12 XELA ARIAS FOI PROFESORA E DEU CLASES NO INSTITUTO DE CHAPELA, EN REDONDELA. ESTE CONCELLO, PARA LLE FACER UNHA HOMENAXE, PÚXOLLE O NOME DA POETA Á SÚA BIBLIOTECA, QUE PASOU A CHAMARSE BIBLIOTECA XELA ARIAS.

COLOREA OS OBTXECTOS QUE PODES ATOPAR NUNHA BIBLIOTECA:



13 NO CARTEL 8 PODES VER UN RETRATO DE XELA ARIAS; O SEU CABELO ESTÁ CREADO CON VERSOS DUN POEMA SEU. FAI UN RETRATO DUN COMPAÑEIRO OU COMPAÑEIRA E PONLLE UNS CABELOS DIVERTIDOS, CON VERSOS DOUTRAS POESÍAS DE AUTORES E AUTORAS GALEGOS.

14 AS PERSOAS QUE TEÑEN PROBLEMAS DE AUDICIÓN NECESITAN UNHA LINGUAXE QUE LLES AXUDE A COMUNICARSE. NO CARTEL 8 PODES VER COMO SE DI COAS MANS A PALABRA "POETA". PODES FACÉLO TI COAS MANS? MIRA NOS OUTROS CARTEIS E SIGUE XOGANDO A FALAR COAS MANS.



15 OBSERVA O CARTEL 9 E IDENTIFICA TODAS AS FIGURAS XEOMÉTRICAS QUE APARECEN NEL. FAI UN DEBUXO UTILIZANDO TODAS ESAS FORMAS; USA CORES DIFERENTES E COLOREA AS SEGUINTE FIGURAS.



16 INSPIRÁNDOTE NO CARTEL 9 E EMPREGANDO DIFERENTES MATERIAIS COMO CARTOLINAS, PAPEL DE SEDA OU PAPEL CHARÓN, FAI A TÚA PROPIA COMPOSICIÓN ARTÍSTICA DEDICADA A XELA ARIAS.



17 NO CARTEL 10 PODES VER UN ENCRUCILLADO CON PALABRAS RELACIONADAS CON XELA ARIAS E COS LABORES QUE DESENVOLVEU AO LONGO DA VIDA.

BUSCA NEL AS SEGUINTE PALABRAS E PÍNTAAS DA COR CORRESPONDENTE.

GALEGA

POETA

MULLER

DOCENTE

NENA

NAI

18 NA SEGUINTE ACTIVIDADE INTERACTIVA, XOGA COAS LETRAS E DESCUBRE A IMAXE QUE ESTÁ AGOCHADA NO QUEBRACABEZAS.

<https://learningapps.org/display?v=pzsjcd74321>

ACTIVIDADES DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1 Serías quen de imitar a sinatura da Xela? E como é a túa?



2 Observa o cartel 1 e olla as raíces da árbore. Nunha delas dise que Xela tiña outro nome; sabes cal é?

3 Olla o cartel 2 e completa as etiquetas. Píntaas da mesma cor.

ESPIRITO

ÀME

LIBRE

SOUL

LIBERA

VRIJE

4 No cartel 2 aparecen as palabras “alma libre”, que era como se sentía Xela Arias, en diferentes idiomas. Entra na seguinte ligazón e fai a actividade interactiva; nela hai palabras de dous idiomas.

<https://learningapps.org/display?v=pv3h3hw6221>

5 Observa o cartel 3 e le as palabras que Xela transformou para que se entendesen doutro xeito. Logo ordena as letras que están a continuación e forma as palabras que aparecen.


LEMETBAIARE →

PNMETIOEIMRE →

6 Agora que xa formaches as palabras, serías quen de transformalas e escribilas ao revés? Se o consigues e se tes un espello preto, pon a folla coas palabras escritas fronte a el e intenta lelas. Que lles pasa? Podes entendelas?

7 Se observas o cartel 4, verás que coas letras da palabra precursora se formaron novas palabras.

Atopa as palabras que se forman coas letras de PRECURSORA e cópiaas. Por exemplo, co R, aparece a palabra VANGAR**R**DISTA.



8 Crea un acróstico no que utilices as letras do teu nome para formar novas palabras, como podes ver neste exemplo. Logo fai o mesmo co nome de Xela: crea un poema sobre ela co acróstico do seu nome.



9 Busca nos carteis da exposición as seguintes palabras e di en que cartel aparece cada unha:

POETA

LÉIRATE

LIBRE

LOITA

NENA

XERACIÓN

ROSALÍA

CHAPELA

BRAVO

10 No cartel 5 está representado o símbolo do xénero feminino ao revés, coma se fose unha cruz, xa que nos indica onde morreu. Sabes como é o símbolo do xénero masculino? Debúxao.

11 Ademais de feminista, activista e comprometida con Galicia, Xela desenvolveu diferentes labores ao longo da súa vida. Entra na seguinte ligazón, fai a actividade interactiva e descubre cales son.

<https://learningapps.org/display?v=pyk88yufc21>

12 Observa o cartel 6 e copia os movementos nos que Xela estivo presente para loitar contra as inxustizas e defender Galicia.

- X
- X
- X
- X
- X

13 Enumera as homenaxes recibidas por Xela no Concello de Redondela. Pódelas ler no cartel 7:

- X
- X



14 Durante o tempo que traballou na Editorial Xerais, Xela desempeñou diferentes labores. Descubre na seguinte tarefa os cinco traballos que realizou. Entra na ligazón e fai a actividade interactiva:

<https://learningapps.org/display?v=pegbnk7it21>

15 No poema do cartel 8 que está escrito na barriga de Xela, a escritora nomea as diferentes etapas de crecemento. Ordénaas e fai un debuxo da que máis che gusta.

ADOLESCENTES

BEBÉS

MOZOS

ANCIÁNS

NENOS

1 _____

2 _____

3 _____


3 _____

5 _____

16 As palabras do encrucillado do cartel 10 están relacionadas con Xela Arias. As súas letras teñen un valor marcado por un número. Busca estas palabras e ponlles a suma de todas as súas letras. Cal é a que ten máis puntuación? E a que menos?

PALABRA	PUNTUACIÓN
Nai	
Transformadora	
Precursora	
Muller	

17 Completa esta fotografía de Xela Arias coas pezas que faltan.



18 Xela Arias na súa poesía defendía a igualdade entre homes e mulleres. Le este poema que escribiu para a revista feminista *Festa da Palabra Silenciada* en 1987:

*As tres deusas: a leona, a loba e a lagarta.
Acaso non podemos ser deusas?
Hai deusas cazadoras e deusas campesiñas.
As primeiras son amazonas e as segundas son bruxas.*

19 *Contos ao teléfono* é un libro do escritor italiano Gianni Rodari, que Xela traduciu ao galego. Este é un fragmento dun dos seus relatos, titulado "A inventar números". Le e completa as palabras que faltan.

–Eu, xa que logo, invento unha táboa:
tres por un, Trento e Verdún
tres por dous, chalanas e bous
tres por tres, leite con café
tres por catro, todo era grato
tres por cinco, subir dun brinco
tres por seis, amarra-los reis
tres por sete, dálle un moquete
tres por oito, visto e resolto
tres por nove, xa nada se move
tres por dez, volve outra vez.

–Eu, xa que logo, invento unha_____:
tres por un, Trento e Verdún
tres por dous, chalanas e _____
tres por _____, leite con café
tres por catro, todo era grato
_____ por cinco, subir dun brinco
tres por seis, amarra-los _____
tres por sete, dálle un moquete
tres por _____, visto e resolto
tres por nove, xa nada se move
tres por dez, _____ outra vez.

20 Xela Arias comezou a escribir moi cedo. Con 11 anos, gañou o Primeiro Premio na sección infantil do VI Concurso de Contos Infantis O Facho co relato "A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia", que comeza así:

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo. Pois ben, comecei a facer as maletas recollendo todos os meus trebellos. Metín as maletas e blusas no ascensor e baixei. Abrín o coche, e a correr. Ía a 200 por hora. Ese coche meu é un "Leopardo a reacción" que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, dixéronme que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio teñen unha medicina que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000 (Así que, o que queira vivir millóns e millóns de anos xa sabe a onde dirixirse). Cheguei a unha fraga. Pero esta fraga era pequena. E os seus únicos habitantes eran paxaros faladores. Os cales arrodeáronme segundo cheguei. (Eran moi grandes, como xigantes). E un que estaba traxeado con camisa branca, levita negra e calzón froleado, díxome:

✘ Imaxina o que pasou despois e cóntallelo aos teus compañeiros e compañeiras.

ACTIVIDADES DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1 Se les a biografía de Xela Arias atoparás as frases que son verdadeiras e as que son falsas. Marca con V as verdadeiras e con F as falsas.

- ✗ Naceu en Vigo.
- ✗ A súa nai chamábase Amelia.
- ✗ O seu pai chamábase Valentín.
- ✗ Cando tiña 7 anos, foi vivir a Vigo.
- ✗ Tivo 3 fillos.
- ✗ De pequena gustáballe xogar ao fútbol.

- 2 Xela Arias naceu en Sarria (Lugo), viviu en Vigo (Pontevedra) e estudou en Santiago de Compostela (A Coruña).

Colorea no mapa de Galicia as provincias nas que estivo.



- 3 Xela levou moitos premios polo seu traballo como tradutora. Sabes cales foron? Búscalaos na biografía.

- 4 Un dos libros que traduciu foi *As bruxas*, do escritor italiano Roald Dahl. Por parellas, lede este fragmento.

–Por que teñen os buratos do nariz tan grandes? –preguntei.

–Para ulir mellor –respondeu a miña avoa–. Unha BRUXA DE VERDADE ten un olfacto realmente asombroso. É quen de ulir a un neno que se atope ao outro lado da rúa nunha noite escura como a boca do lobo.

–A min non podería ulirme –dixen–. Acabo de bañarme.

–Xa o creo que podería –asegurou a miña avoa–. Canto máis limpo estás, máis cheiro desprendes para unha bruxa.


- ✗ Como seguirías ti esta conversa? Como a rematarías?

- 5 Xela transformou moitas palabras nas súas poesías e por iso as súas obras teñen un estilo tan persoal e innovador. Na súa biografía aparecen os libros que publicou. Podes coñecer máis sobre eles no seguinte xogo.

Entra na ligazón e fai a actividade interactiva:

<https://learningapps.org/display?v=pqirpo5fj21>

- 6 No cartel 9 podes ler diferentes mensaxes da rede social Twitter. Explica que diferenzas atopas entre estas mensaxes e unha carta.



✘ Escríbelle unha carta a unha persoa querida coa que leves tempo sen falar, tendo en conta as partes que debe levar esta.

✘ Logo escribe un chío de Twitter no que fales de Xela Arias.

- 7 As palabras do cartel 4 están formadas por recortes de letras de diferentes tamaños, formas e cores. Recorta letras de xornais, revistas ou papeis e forma palabras como as que aparecen nel.

- 8 O mapa que está no cartel 5 está rodeado polo poema "Galicia". Nel, Xela describe a lingua e a pel das persoas: "as peles son verbos e os verbos velo". Este sentimento pola lingua queda reflectido nos recitais en que participou. Nesta ligazón, podes escoitar a Xela e outros poetas galegos nun recital que se realizou no IES A Guía de Vigo en 1988: <https://www.youtube.com/watch?v=Nv-zDe0uLrM>

- 9 Xela é a quinta muller homenaxeada no Día das Letras Galegas, xunto con Rosalía de Castro, Francisca Herrera, María Mariño e María

Victoria Moreno. Identifica estouttras escritoras galegas e di en que anos foron homenaxeadas.



10 Un dos movementos nos que Xela estivo moi activa foi o de protesta contra a guerra de Iraq. Observa o cartel 6 e escribe cal foi a súa achega nese movemento. E para apoiar o pobo palestino, que fixo?

11 Xela era profesora de lingua e gustábanlle as palabras escritas correctamente. Comproba que ti tamén as escribes ben facendo o seguinte xogo:

<https://learningapps.org/display?v=potwvhjj521>



12 Copia os versos de Xela Arias que foron recollidos no *graffiti* que fixeron dous alumnos do Instituto de Chapela para a homenaxear.



✘ Sabes a que libro e a que poema pertencen? Explica que é un *graffiti*.

13 Xoga coas letras da palabra POETA e forma outras palabras novas, ata facer un acróstico, como este creado coa palabra NAI.

Noticia

Axudante

Indio

14 Visualiza o vídeo seguinte no que o alumnado recita o poema do libro *Darío a diario* e completa os ocos. Entra na ligazón e fai a actividade interactiva: <https://learningapps.org/display?v=pftby5pcc21>

15 O poema do cartel 8 que está no cabelo do retrato de Xela pertence ao seu libro *Denuncia do equilibrio*, pero ten varios versos desordenados. Óllao con atención e ordénaos para que quede como ela o escribiu.

✘ Non chegabas nunca e cansaba

✘ Cosín cun fío os pensamentos todos e abrín a porta

✘ Trouxen augamel para agasallarte e senteime na escada á agarda.

✘ Saín. Fun por tras de min deixando as pegadas no chan.

16 No cartel 9 aparece a palabra TRANSGRESORA. Xoga coas súas letras e forma palabras novas que sexan o máis longas posible.

17 Xela foi unha transgresora en moitos aspectos da súa vida, tamén desde o punto de vista artístico, pois a súa obra afastouse da que se realizaba ata daquela; era contra corrente. Déixate levar pola túa creatividade e realiza unha obra de arte transgresora, con materiais de refugallo que haxa na túa contorna.

18 Xela Arias traduciu ao galego o libro *O Gato Gaiado e a Andoriña Señá*. Debate na clase sobre esta conversa que aparece nel:

–Daquela ¿ti non sabes que el é un gato, un gato malo, e que xamais unha andoriña pode [...] manter relacións, nin sequera simples cumprimentos, cun gato? [...]

–Pero el non me fixo nada...

–¡É un gato, e aínda por riba, gaiado!

–Só por ser un gato e aínda por riba gaiado? Pero el ten un corazón coma todos nós...

–¿Corazón? –indignouse a vaca mocha, de fácil indignación como estamos cada pouco constatando–. ¿Quen lle di que el ten corazón? ¿Quen?

19 Seguindo o modelo de taboleiro do cartel 10, fai un encrucillado utilizando os nomes dos teus compañeiros e compañeiras da clase, por exemplo:

			M	
			A	
P	E	D	R	O
	V		T	
	A		A	

20 Completa os títulos das seguintes obras escritas por Xela Arias. Nun deles, hai unha palabra que Xela transformou. Adiviña cal é.



Denu_____ do _____librio

Int_____me



D_____ a dia_____



Ti_____ coma _____alos



21 Dous destes poemas de Xela aparecen nun libro dos libros anteriores, que está dedicado ao seu fillo Darío. Adiviña cales son:

<p>Dis ma-ma-ma e consegues oito pasos seguidos sen axuda cara a nós. ¿Vesme? Son a nai que te pariu e coida Face-lo necesario porque avances.</p>	<p>Así, aquí, neste lenzo imaxinado e suxestivo: non me sei se non me trato aquí. Non me sei se non te trato Aquí. Non te sei se non me trato aquí.</p>
<p>Subín no auto das cereixas -hai tempo que foi eso- clarifico agora a miña man expón signos evidentes carretera mollada pola que andara sommnambuleando penso regadeiras abertas e panos mollados</p>	<p>Nada que ver coa posesión. Non te posúo nin quero. Cóidote, ámote e manteño a esperanza de aprenderche a te posuíres.</p>

ACTIVIDADES DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1 Observa o cartel 1 e copia a información relacionada coas raíces familiares de Xela Arias. Logo fai a túa árbore da vida e escribe os datos sobre as túas raíces.
- 2 Neste cartel hai moitas datas que reflicten datos relevantes da escritora. Serías quen de ordenalas cronoloxicamente para facer a súa liña da vida?

Entra na seguinte ligazón e fai a actividade interactiva:

<https://learningapps.org/display?v=pidtu4cz321>

- 3 Xela traduciu ao galego libros e contos de diferentes idiomas: castelán, inglés, portugués, italiano, neerlandés e francés. Investiga a orixe das linguas que traduciu Xela e di se teñen algo en común.



- 4 Busca en Internet e escribe algunhas palabras en cada un destes idiomas.

- ✗ Portugués:
- ✗ Italiano:
- ✗ Inglés:
- ✗ Francés:



- 5 En *Intempériome*, o último poemario de Xela, aparece a seguinte poesía con algunhas das transformacións feitas pola autora nas súas obras.

A
Garímate.
A
Brázate.
E beirea leve cun dedo a ferida
Máis recente.



- ✗ Escribe cales son as palabras transformadas e por que pensas que as escribe deste xeito, cortadas.
- 6 Seguindo o estilo da poeta, busca ou inventa unha poesía e tenta transformar algunhas palabras para darlles outro aspecto: córtaas, desordénaas, cámbiaas, colócaas formando unha figura...
- 7 Observa o cartel 4, recorta as frases e ordénaas para que formen a palabra PRECURSORA en vertical.

ENGADE A DIMENSIÓN SOCIAL
DESAFIU COA LINGUAXE A XERACIÓN
CORRENTE DA POESÍA DA MULLER
RENOVADORA DA POÉTICA GALEGA
ESCRIBE GALEGO CANDO POUCAS O FAN
ESTILO VANGARDISTA E PERSOAL
BUSCA NOVOS ESPAZOS DE POESÍA
SINCERIDADE ARTÍSTICA, INDEPENDENCIA
A MIÑA XERACIÓN ONDE ESTÁ?
INICIA O BOOM LITERARIO FEMININO

- 8 Busca no dicionario a palabra precursora e atopa os sinónimos. Colorea os correctos.

intelixente

pioneira

anticuada

aburrida


iniciadora

antecesor

- 9 Na obra *Tigres coma cabalos* únense a poesía de Xela e a fotografía de Xulio Gil. O grupo galego A Banda da Loba compuxo un dos seus temas baseándose neste poemario. Entra na ligazón para escoitalo.

<https://www.youtube.com/watch?v=3Vreoj0D00I>

- 10 O artigo seguinte foi publicado polo pai de Xela, Valentín Arias; nel conta unha anécdota que lle aconteceu cando “Xeliña” era nena. Leo e expresa oralmente a túa opinión, en pequenos grupos ou nun gran grupo, sobre o que aconteceu.




- 11 Para seguir aprendendo máis cousas da autora podes facer un xogo de preguntas. Entra na seguinte ligazón e fai a actividade interactiva:

<https://learningapps.org/display?v=pspv6po0a21>

- 12 Xela tamén apoiou sempre a loita feminista. Sabes o significado de feminismo? E de machismo? Busca estas palabras no dicionario e comenta cos compañeiros e compañeiras o teu punto de vista sobre estes temas.

17 Na súa obra *Darío a diario* Xela Arias trata o tema da maternidade.

- ✘ Poderías adiviñar cal dos catro poemas que aparecen no cartel 8 pertence ao libro *Darío a diario*?
- ✘ Que recursos poéticos podes atopar nese poema?
- ✘ Sinala a métrica e a rima.



18 O mar e a auga teñen un significado moi especial para Xela Arias. As augas estancadas significan equilibrio e calma; o mar bravo significa inqueda e angustia.

- ✘ Nun destes poemas hai referencias ao mar. Con que sentimento che parece que está asociado? Xustifica a túa resposta.

19 No cartel 9 aparecen mensaxes da rede social Twitter que falan de Xela; seguro que ti coñeces algunhas máis.

- ✘ Elabora unha recompilación das redes sociais máis usadas e fai unha reflexión sobre as vantaxes e desvantaxes que teñen na actualidade.
- ✘ Como as poderías empregar para que todo o mundo coñeza a obra de Xela Arias?



20 Xela Arias, unha muller transgresora no seu tempo, foi quen de escribir letras de cancións para un grupo de rock de Vigo chamado Desertores. Entra nesta ligazón e goza dunha das súas actuacións, realizada nos anos noventa.

<https://www.youtube.com/watch?v=6ZlaAeGofU4>

21 Xela Arias traduciu ao galego moitas obras clásicas da literatura; unha delas é *Contos ó teléfono* de Gianni Rodari. Así empeza un dos relatos:

O semáforo azul

Unha vez, o semáforo que estaba na praza do Duomo, en Milán, fixo unha rareza. Todas as súas luces tinguíronse súpetamente de azul, e a xente non sabía a que se ater.

–Cruzaremos ou non cruzaremos? Ficamos o non ficamos?

Por todos os seus ollos, en todas as direccións, o semáforo difundía o insólito sinal azul, dun azul tan azul como o ceo de Milán non estivera nunca.

- ✘ Imaxina como continúa a historia e cóntallela aos compañeiros e compañeiras.

22 No seu libro *Non te amola* atópase o seguinte fragmento. Lédeo na clase e contestade as seguintes preguntas:

Os avós van ser coma o cine. É que as mudanzas son terribles.

Veu todo nun camiión xigante. Pensei que aqueles homes non o darían recollido todo, e mais nada falta.

Vivir na cidade vai ser interesante. Iremos ao cine máis veces e tamén a outra escola. Nesta nova di meu pai que hai unha aula para cada curso. Alí onde el daba clase estabamos todos xuntos, maiores, pequenos e medianos. Porque era unha escola unitaria.

Os homes das mudanzas desarmaron a casa toda. Armarios, camas, mesas, cadeiras, todo desaparecía de sotaque convertido nunha morea de táboas. Envolvíanas en mantas grises, metían os pratos, vasos e tixolas en cestos enormes e unha casa enteira entrou no camiión.



- ✘ De que falan neste fragmento? Que acontece?
- ✘ Cal é a vantaxe que ten a nova escola?
- ✘ Que profesión cres que ten o seu pai?
- ✘ Que cousas da casa meteron no camiión?
- ✘ Se tiveses que mudarte de casa, que cousas levarías?

23 Na seguinte ligazón hai un vídeo titulado *Xela Arias e a palabra* no que varias persoas que coñeceron a Xela e traballaron coa escritora nos achegan información sobre ela. Óllao, anota as persoas que aparecen e investiga cal é a súa profesión.

<https://www.youtube.com/watch?v=67YGhfTrjrl>

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA

- Arias, Xela (2003). *Intempériome*. A Coruña. Ed. Espiral Maior Poesía.
- Arias, Xela (1986). *Denuncia do equilibrio*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- Arias, Xela (1996). *Darío a diario*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- Arias, Xela (2018). *Poesía reunida (1982-2004)*. Ed. de Nogueira, María Jesús. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- Arias, Xela (2021). *Non te amola!* Ilustr. de Luz Beloso. Vigo. Editorial Galaxia.
- VV. AA. (1984). *Contos dos nenos galegos*. A Coruña: Caixa de Aforros de Galicia.
- Asociación de Escritores en Lingua Galega (2003). *Alma de Beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra. A Nosa Terra*.
- Roald Dahl (1999). *As bruxas*. Trad. de Xela Arias e Lidia Iglesias. Vigo: Xerais.
- Gianni Rodari (1986). *Contos ó teléfono*. Trad. de Xela e Valentín Arias. Barcelona: Editorial Juventud

WEBGRAFÍA

Real Academia Galega (RAG):

<https://academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias>

Portal da lingua galega:

<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>

Consello da Cultura Galega. Álbum de mulleres:

<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=18>

Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Xela_Arias

Edicións Xerais: <https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=autores&id=101921>

Galicia Confidencial: <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/78625-traducion-tera-premios-seran-xela-arias>

La Voz de Galicia. Entrevista de Manuel Rivas a Xela Arias:

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2020/12/24/xela-arias-entrevistada-manuel-rivas-onde-mina-xeracion/0003_202012G24P39991.htm

Asociación de Escritores en Lingua Galega. Entrevista a Chus Nogueira na Real Academia Galega:
<https://axendacultural.aelg.gal/2021/02/09/chus-nogueira-xela-arias-rompeu-co-discurso-dominante-fixo-poesia-urbana-e-quixo-levala-a-rua/>

Praza Pública. Entrevista a Chus Nogueira:
<https://praza.gal/cultura/a-poesia-non-debe-segundo-xela-arias-ser-condescendente-nin-reflectir-falsos-equilibrios-ou-visions-edulcoradas-da-realidade>

Consello da Cultura Galega. Vídeo *Xela Arias e a palabra*:
<https://www.youtube.com/watch?v=67YGhfTrjrl>

Recital realizado no IES A Guía de Vigo en maio de 1988:
<https://www.youtube.com/watch?v=Nv-zDe0uLrM>

Videoclip "Tigres coma Cabalos" de A banda da Loba:
<https://www.youtube.com/watch?v=3Vreoj0D00I>

Actuación do grupo Desertores de Vigo:
<https://www.youtube.com/watch?v=6ZlaAeGofU4>

Real Academia Galega. Artigo "Xeliña fala galego", de Valentín Arias:
<https://academia.gal/-/a-rag-recupera-xeli-c3-b1a-fala-galego-e-reivindica-a-transmisi-c3-b3n-xeracional-do-idioma-no-d-c3-ada-da-lingua-materna>

Ligazóns dos códigos QR dos carteis:

Cartel 1. Presentación creada polo Colexio San Pío X de Ourense a partir de materiais do Seminario Galán: <https://www.youtube.com/watch?v=fcgrxjPcutU>

Cartel 2. Web da RAG, coa obra de Xela: <https://academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias/obra>

Cartel 3. Videoclip *Intempériome* de A Banda de Loba:
https://www.youtube.com/watch?v=qdQb_pBjxlC

Cartel 4. Lectura dun fragmento dun conto de Xela, realizada por Lois Arias:
<https://www.youtube.com/watch?v=vceuwasLWA8>

Cartel 5. Vídeo *Xela Arias e a palabra*, do Consello da Cultura Galega:
<http://consellodacultura.gal/mediateca/video.php?id=2212>

Cartel 6. Canción sobre Xela, do CEIP Frei Luís de Granada:
<https://www.youtube.com/watch?v=Mqf-7mp981w>

Cartel 7. Biografía de Xela Arias na páxina da RAH:

<https://academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias/biografia>

Cartel 8. *Podcast* "Trouxen augamel... de *Denuncia do equilibrio*, creado no centro:

<https://soundcloud.com/user-446108521/trouxen-augamel-de-denuncia-do-equilibrio>

Cartel 9. *Podcast* dun fragmento de *Non te amola*, creado no centro:

<https://soundcloud.com/user-446108521/non-te-amola-os-avos-van-ser-coma-o-cine-1-1>

Cartel 10. Gravación de "Tigres coma cabalos" de A Banda da Loba:

<https://www.youtube.com/watch?v=PtWNud4uYYw>

IMAXES

Páxina 1. Fotografía de Xela Arias. Autor: Lois Arias. Fonte: arquivo da familia.

Páxina 5. Fotografía de Xela Arias na Granxa de Barreiros. Autor: Avelino Pousa. Fonte: arquivo da familia. / Fotografía de Xela Arias en 1970. Fonte: arquivo da familia.

Páxina 6. Fotografía de Xela Arias con Darío Gil. Fonte: arquivo da familia. / Fotografía de Xela Arias en 1989 en Edicións Xerais. Autor: Vilar Cardona. Fonte: Xerais.

Páxina 7. Fotografía de Xela Arias no IES Álvaro Cunqueiro. Fonte: arquivo da familia. / Fotografía de Xela Arias. Arquivo de Xulio Gil.

Páxina 15. Imaxe do blog *O recuncho das fadas*:

<https://orecunchodasfadas.blogspot.com/2013/05/letras-galegas-2013.html>

Páxina 17. Fotografía de Xela Arias. Autor: Xulio Gil. Fonte: arquivo da familia.

Páxina 21. *Graffiti* realizado en 2019 polos alumnos Xosé Álvarez Braños e Raúl de Dios Iglesias no IES de Chapela en Redondela en homenaxe a Xela Arias. Fonte: IES de Chapela.

Páxina 26. Fotografía da manifestación de Nunca Máis en Pontevedra. Autor: Diego Torrado. Fonte: web.pontevedraviva.com.

O CEIP Porto Cabeiro agradécelles aos autores a cesión das imaxes e materiais para este uso didáctico e de divulgación da figura de Xela Arias.



**CEIP
PLURILINGÜE
DE
PORTO
CABEIRO
(REDONDELA)**

